

Nova entrega de microrrelatos premiados en Vilalba


O presente volume reúne os textos gañadores da IIIª e IVª edición do Certame de Microrrelatos Día do Libro organizada polo Concello de Vilalba e Culturalia GZ en 2021 e 2022. Son en total dezasete composicións, pertencentes a tres categorías: **Infantil, Xuvenil e Persoas adultas.**

52 pp. Formato 14 x 21 cms
ISBN 978-84-18567-29-2 PVP: 11,00 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, SETEMBRO DE 2022.- O presente volume reúne os textos gañadores da IIIª e IVª edición do Certame de Microrrelatos Día do Libro organizada polo Concello de Vilalba e Culturalia GZ en 2021 e 2022. Son en total dezasete composicións, pertencentes a tres categorías: Infantil, Xuvenil e Persoas adultas.

Os microrrelatos desenvolven, en moi poucas liñas, toda unha trama; esta brevidade –e intensidade– é sen dúbida un atractivo para as persoas lectoras de hoxe, que gozarán destas 17 pequenas grandes historias. Este é o segundo volume publicado deste Certame, despois do aparecido en 2020, que recollía os relatos gañadores das dúas primeiras edicións. O premio consolídase por tanto coa publicación destas novas historias, atractivas... e brevísimas, como esixe o xénero.

Vanesa Siso, concelleira de Cultura de Vilalba, afirma no Limiar: “A promoción da cultura en localidades pequenas preséntase non só como unha prioridade, senón como unha responsabilidade. Froito desa responsabilidade nacen e se manteñen no tempo este tipo de iniciativas que contan sempre cunha grande acollida. Hai talento e azos pola escrita breve”. E Martiño Maseda, de Culturalia GZ, entidade promotora do Certame subliña nas súas palabras de introdución que a altísima participación nesta 3ª e 4ª edición do certame: “O xénero da micronarración segue afondando as súas raíces na xeografía literaria de Vilalba”.



GAÑADORAS IIIº CERTAME [2021]

INFANTIL

Mencía Naz Martín
Paula Pérez Cendán

XUVENIL

Abril Viqueira Pose
Lucía Martínez Lago
Mariña Maceiras Segovia

PERSOAS ADULTAS

José Ángel Corral Suárez
José Manuel Souto Lema
Patricia Torrado Queiruga

GAÑADORAS IVº CERTAME [2022]

INFANTIL

Paula Pérez Cendán
Sabela Vidal Barreiro
Emilia Manso Rodríguez

XUVENIL

Carlota Millor Prado
Mariña Maceiras Segovia
Fernanda del Carmen Moraes Vidal

PERSOAS ADULTAS

Óscar Reboiras Loureiro
Patricia Torrado Queiruga
Raquel Fernández Fernández

